

DECÁLOGO DE PRÉSTAMO DAS MALETAS DE IGUALDADE DO CAFI

1. Empréstanselles aos centros que pertencen á zona de influencia do CAFI.
2. Priorizarase o préstamo do material a centros que o precisen para a súa formación.
3. O préstamo terá unha duración de quince días respectando a orde de solicitude. No caso de que, polo carácter da actividade que se vai desenvolver, se precise do material por máis tempo, deberase xustificar no formulario de solicitude. Tamén se poderá contar con prórroga no préstamo do material no caso de que este non tivese outras solicitudes.
4. O centro solicitante, a través do seu director, comprométese a recoller o material enviando unha persoa responsable.
5. No momento da recollida asinarase un documento de préstamo. Enténdese que a dirección do centro o autoriza.
6. Cando remate o período de préstamo o centro educativo fará a devolución do material completando un documento de entrega conforme a que o material está completo. No caso de que falte algún dos libros o centro deberá repoñelo nun espazo breve de tempo.
7. O centro educativo comprométese a enviar algún material que evidencie o uso do material. Estes poderían formar parte das boas prácticas de aula/centro en inclusión educativa.